

• **Introdución**

Ao falarmos de poesía debemos matizar en primeiro lugar a **diferenza** entre **poesía** e **lírica**, pois a lírica é só un **tipo de poesía**. De tódolos xeitos, na actualidade ámbolos dous termos son **practicamente intercambiábeis**.

Por outra banda este arquixénero presenta un importante **problema**: a **ausencia** de **tradición clásica**. Nin **Platón** nin **Aristóteles** fan referencia á poesía, será no **Renacemento** cando **Sebastian Minturno** poña a poesía á mesma altura cá narrativa e o drama.

Ademais, na actualidade aínda **non existe unha definición universal** que sexa quen de englobar tódolos tipos de poesía de tódolos tempos. Xeralmente os **tratadistas reduciron o concepto** atribuíndolle só as características do que eles consideraban poesía, pero nunca conseguiron unha definición capaz de abranguer todo tipo de poesía. Así, por **exemplo**, en **1948**, **W. KAYSER** di que na interxección *ai!* está, por así dicilo, a raíz de todo o lírico. É dicir, para este autor calquera **exclamación** é a forma máis primitiva da **lírica**. Esta proposta, moi seguida, é moi **radical e imposible** de **aplicar**, xa que non poderíamos definir as **orixes** da **poesía** lírica. Ademais, a exclamación humana tanto pode ser un berro coma unha expresión sofisticada feita coa consciencia de actuar sobre a realidade coas palabras.

- **Percorrido histórico**
- **Manifestacións máis primitivas**

As **primeiras manifestacións literarias** son **poéticas** e están intimamente **vencelladas a rituais colectivos** e/ou **relixiosos**. Así, civilizacións coma a babilonia ou a siria xa posuían unha lírica que máis tarde perfeccionarían os exipcios e hebreos.

As **modalidades** desta poesía están en relación coa **vida comunitaria**. Deste xeito atopamos cancións de traballo, himnos triunfais... que representan **actitudes** moi **diferentes** (festiva, solemne...).

Nesta lírica máis primitiva destacan **dous factores**:

- **Carácter oral** da **interpretación** e a **transmisión**, que leva consigo a creación de **fórmulas fixas** para a memorización e a posibilidade de que se produzan **variacións**. Os poetas adoitaban **declamar** dende un **escenario** acompañados pola **lira** e a actuación de **danzaríns**.
- **Consideración social** do poeta, que tiña as **funcións** de máis **prestixio** dentro da comunidade: **poderes sobrenaturais** e **proféticos**. Despois o poeta acabaría por converterse no depositario da memoria colectiva (**bardo**) encargado de fortalecer a identidade e os sentimentos do pobo ao que pertence xa que os **pobos sen escritura** necesitaban alguén que lembrase o pasado e o unise co presente.
- **Grecia**

No **século III** os **sabios alexandrinos** elaboran un **canon de nove poetas**, de xeito que estes saen por primeira vez do anonimato. Neste momento as **modalidades poéticas** diferéncianse por:

- O **número de intérpretes**:
 - Un só intérprete: **lírica monódica**, na que destacan poetas coma Safo, Alceo, Anacreonte... Esta lírica era **recitada** en **Grecia**, pero en **Roma** líase.
 - Varios intérpretes: **lírica coral**, na que destaca **Píndaro**.
 - Os **temas** tratados:
 - ♦ **Lírica elegíaca**
 - ♦ **Lírica iámbica**

Nesta lírica case **non hai subxectividade**, as composicións adoitan ir dirixidas a alguén e ser de **carácter público** (agás algunhas de Safo e Alceo). O **poeta** actúa sinxelamente coma un **axente das Musas** e está moi integrado na súa comunidade (tanto na lírica arcaica coma na helenística).

◆ Roma

En **Roma**, especialmente con **Catulo**, vai aparecer xa a **subxectividade** na lírica que xa adiantaran Safo e Alceo. O paso da **estrutura lineal á espiral** fai que estes poemas que se concentran na **interioridade** do poeta e **non nos problemas comunitarios** estean concibidos para a **escrita** e non para a transmisión oral. **Catulo denomina** este tipo de poemas **nugae** (parvadas), xa que aínda non é consciente do que fai e, ademais, vive nun **contexto literario** no que a **poesía** se entende coma unha **forma retórica** que debe ser **fermosa** e basearse nos **tópicos**. Pouco despois, en **HORACIO**, a **proporción** de poemas persoais sería aínda **menor**.

Existe en Roma unha **lírica coral** (introducida por Séneca nas súas traxedias) e unha **lírica monódica** de forte influencia helénica e destinada á **lectura**, non ao canto. Outros autores a destacar son OVIDIO, VIRXILIO, HORACIO...

◆ Idade Media

Na Idade Media ensinábase a clasificación de **xéneros** proposta por **Diómedes** no século IV:

- ◆ **Genus imitativum**: teatro.
- ◆ **Genus enarrativum**: relatos, poemas didácticos.
- ◆ **Genus commune**: *heroica species* (Ilíada e Eneida) e *lyrica species* (Arquíloco e Horacio)

Nesta época séguese a escribir en **latín**, pero a proposta de Diómedes non ten repercusión nas **emerxentes literaturas das linguas romances**, na que podemos atopar:

- ◆ **Poesía popular** que xorde allea á tradición clásica, como é o caso da cantiga de amigo.
- ◆ **Poesía** de carácter máis **culto** con novas formas poéticas que aparece na Provenza.

◆ Renacemento

Retómase a doutrina dos **xéneros clásicos** e a **lírica** é equiparada á **épica** e á **escénica** por **SEBASTIAN MINTURNO**. Os **límites** da lírica eran **difusos**, polo que se incluíu dentro dela todo aquilo que non encaixaba dentro dos esquemas dos demais xéneros. Ademais **actualízanse formas líricas** clásicas e aparecen outras **novas** coma o soneto.

Cómpre destacar poetas coma **PETRARCA**, SHAKESPEARE, GARCILASO DE LA VEGA, GÓNGORA, QUEVEDO...

◆ Romanticismo

Catulo non fai máis ca **comezar simbolicamente** o que **PERE BALLART** (*El contorn del poema*) denominaría a **lenta e longa viaxe** da **literatura occidental** do **nós** ao **eu**. Dende Catulo preferiuse o personalismo, tanto nos temas coma na expresión, pero este **longo proceso subxectivizador** sería **concluído** por **Mallarmé** no **século XIX** (**Romanticismo**). Esta **progresiva subxectivización** leva consigo unha **progresiva perda de prestixio social do poeta**, xa que este deixa de dedicarse ás cuestións da comunidade para dedicarse ás pequenas historias persoais.

Hai dúas **características** que se repiten na poesía dende o *Romanticismo*:

- Canto **maior** é o **contexto social menor** é o **ámbito de recepción** dos poetas e máis solitario o seu exercicio. O **poeta** imaxina un tipo de público potencial, pero non pode chegar a saber o que ese público espera ou se entenderá o que di. Polo que o poeta áchase a un paso do **soliloquio**, escribe coma se non se dirixise a ninguén porque considera que o **exterior** é **alienante** e as súas **sensacións dificilmente compartidas** ou **comprendidas**.
- O poeta é un **incomprendido pola sociedade burguesa**, que o considera un **parasito**, un **rebelde** que acabará na **miseria** ou tolo. Isto **repercute** na forma de **escribir** do poeta, que **non** terá **necesidade** de **instruír**, **agradar** ou ser **entendido**. Isto levarao a buscar unha **lingua persoal**, busca que será a principal preocupación do poeta avalada polo **carácter autónomo da arte** (KANT). Mais isto trae consigo **contradiccións**:
- A **linguaxe poética** provén da **común** polo que o poeta, malia asegurar a autonomía da arte, usa un instrumento que comparte co sistema. Ademais o poeta diríxese aos cidadáns até nos poemas máis introspectivos, porque quere ser lido.
- Por outra banda, aínda que **negue a realidade** e cree mundos descoñecidos, **ten que coñecer o que nega** por iso está, en certa medida, sendo consciente da realidade.

Hegel distingue entre:

- ◇ **Formas propiamente líricas**: poesía mélica, coral, elegíaca, odas, sátira, epístola, salmo, canción...
- ◇ **Formas mixtas**: **épico – líricas** (romance, poemas de circunstancias...) e **dramático – líricas**.

A pesar de todo, esta teorización de Hegel non se reflicte na **práctica**, xa que aparecen **diferentes formas** de poesía lírica que teñen en común a **evasión** dunha realidade conflitiva e adversa.

◆ Século XX

Da reflexión feita no século XX arredor dos xéneros literarios en xeral e da lírica en concreto podemos destacar:

- ◇ Predominio da **emotividade** fronte á narratividade (TOMACHEVSKI).
- ◇ Relación dos xéneros literarios coas persoas: JAKOBSON (punto 2.5.6.)
- ◇ A **expresividade** coma a principal característica da lírica (KAYSER: na interxección *ai!* está, por así dicilo, a raíz de todo o lírico).
- ◇ **Contraposición á narrativa**, ao **teatro** (**inmobilidade** do tema, aspecto contemplativo) e ao **ensaio** (**non** ten como finalidade a **ampliación de coñecementos**).
- ◇ **TOMACHEVSKI** : Intencionada incertidume dos límites que separan suxeito e obxecto.
- ◇ **Simbolismo** da **linguaxe** (musicalidade, fonemas) que se percibe especialmente desde o **Postromanticismo**, cando simbolistas e modernistas inician unha ruptura que culminaría coas **vanguardas** (carácter suxestivo da linguaxe poética).
- ◇ A **lírica contemporánea**, que aparece tras as vanguardas, ten para os teóricos do século XX os seguintes aspectos a destacar:
 - **FRIEDRICH**: o **mundo exterior** coma un **obstáculo** para o home e a súa **descomposición**.

- **BAUDELAIRE**: **fantasía poética** ou creación de mundos novos a partir dese mundo exterior coñecido, xeralmente recollendo o máis **baixo** e trivial (**RIMBAUD**: *excitante dinámico*).
- **MALLARMÉ, VERLAINE, JUAN RAMÓN JIMÉNEZ, JORGE GUILLÉN**: Corrente da poesía pura ou achegamento á **esencia** das cousas mediante o **rexentamento** do **cotidán** (o que ORTEGA GASSET denomina *deshumanización da arte*).
- Uso do **humorismo** e do **absurdo** (*Dadaísmo*)

Dende o **Romanticismo** até a **actualidade** a poesía lírica seguiu diversas vías expresivas, pero até na máis experimental presta **atención** ás esixencias do **sistema**. Así, a **introspección** vaise **substituíndo** por unha **personalidade irónica** na que calquera **experiencia humana** se pode **compartir** e ser **transcendente**, estando próxima a **tódolos lectores**. De tódolos xeitos o **poeta procura** achegarse a aqueles lectores que cre que o poden entender mellor, aos máis **afastados do sistema**. Por iso se considera que é o escritor máis autónomo e menos condicionado polo mercado.

♦ Características da poesía lírica

- É o vehículo da **subxectividade**.
- A **intensidade** do seu **significado**, vencellada coa **brevidade** e **complexidade**. Así, a poesía lírica sería a **linguaxe afectiva** (patética).
- A **elaboración** da **forma** que fai que a **atención** non se centre no referente, senón na **mensaxe** (*función poética*).
- A **motivación do signo lingüístico**, é dicir, este é empregado coa intención de **provocar** certas **sensacións** ou reaccións no lector. Isto está **relacionado** coa elaboración da **forma**. Exemplos desta motivación do signo lingüístico son as onomatopeas, aliteracións...
- Usa a **lingua natural** como **materia prima** (*semiótica*).
- **SUSANA REISZ DE RIVAROLA** baseándose en **KARLHEINZ STIERLE** vai contra os discursos sociais establecidos, que é o **antidiscorso**, xa que o que fai é servirse de discursos non literarios para traelos á literatura, polo que nela collen tódolos **discursos que se refiren a outros**. Por isto é, ademais, o xénero que máis se **renova**.
- Segundo **CARLOS BOUSOÑO** a poesía é unha **forma de coñecemento**, xa que é o xénero que ten máis relación coa verdade. Non en van é un xénero que non entretén e precisa dun esforzo maior por parte do lector debido á súa complexidade. As verdades que traslada a poesía non se poden expresar de ningún outro xeito.
- Para **MOLINO** e **TAMINE** a poesía é **a aplicación dunha organización métrica – rítmica á organización lingüística** .
- **ROSA NAVARRO DURÁN** dinos que o único criterio obxectivo para definir un poema é a súa **relación co marco da páxina**.

Catulo escribe un poema no que fala consigo mesmo e que vai dirixido a unha rapaza da que está namorado e xa non o corresponde. É un poema cunha estrutura espiral, non lineal, polo que non sería válido para transmitir oralmente malia conter repeticións de fórmulas. Podes ler o poema aquí (páxina 14)

Primeiro é un contexto cortesán, logo urbano e por último metropolitano.